“Cando eles, xa alleos, da terra esquencida,
vendían por cartos, cal xudas a Cristo,
ese sanguenosa, momento de pedra…“

Evaristo Martelo y Paumán del Nero.
*Landras e Bayas*, 1914.

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

# Os Martelo e a Deputación



*Nova sede da Escola de Danza.* Proxecto de Cebrián del Moral, 1988.

# Documento do mes
# Xaneiro 2023

No ano 1871, Ramón Martelo Núñez de Leis y Romero de Moscoso adquire a mansión dieciochesca da rúa da Franxa, que desde entón pasa a denominarse Casa Martelo. Probablemente era dun rico comerciante, posto que entón carece de escudo. Forma parte da ampla política de adquisicións do que ese ano figura como un dos cincuenta máximos contribuíntes da provincia da Coruña. Será unha das residencias familiares ata as primeiras décadas do século XX, en competencia co Pazo de Martelo de Rianxo ou o fabuloso Castelo de Vimianzo. A familia Martelo mantén a propiedade ata o ano 1975.

Martelo é o prototipo dos fidalgos galegos do século XIX. Pactan coa burguesía o seu continuísmo, con obxecto da repartición de terras e institucións. Oriundo de Laxe, estuda Dereito para adicarse á xudicatura, á política e aos grandes investimentos. É progresista, posto que no ano 1843, con Espartero, acada a presidencia da Deputación da Coruña e no Bienio é elixido deputado nas Cortes. No ano 1871 volve a ser presidente. Contrae un vantaxoso matrimonio con Dolores Paumán del Nero y Zuazo-Mondragón Fajardo de Andrade y Sotomayor. Benefíciase da desamortización redimindo censos do Cabildo de Santiago e acrecentando as súas rendas agrarias fidalgas, procedentes das Casas de Traba ou de Faxardo. Ascende no seu ennoblecimiento, comprando aos seus parentes os Moscoso de Altamira, as Torres de Vimianzo e a Casa do Arco de Laxe. (Ver Presidentes Deputación, Escritura de arriendo 1634, Escritura de venda 1695, Firma acta 1871).

Ao longo da historia contemporánea da Casa Martelo podemos comprobar certa serie de conexións recorrentes das elites coas institucións. Entre os anos 1837 e 1838 é a sede do concello da Coruña. No ano 1877, alberga nas dúas plantas superiores a Escola Normal de Mestras, subvencionada pola Deputación. No ano 1913, no baixo instálase a Xunta auxiliar de Señoras, presidida por Josefa de la Maza Martelo. (ver Carta Josefa 1927, Acta 15.11.1877, Acta 08.08.1878).

No 1902, Evaristo, o fillo de Ramón, manda colocar o escudo de armas da familia sobre a fachada do palacete. Coróao coa tiara do marquesado. Cuartelado en cruz, no primeiro cuartel dispón o yunque e o martelo dos Martelo; no segundo, tres rocas, sobre ondas mariñas e ramas de ortigas, dos Faxardo; no terceiro, un oso e unha aciñeira, dos Núñez Boaño; e no cuarto, un león rampante, corazóns e unha torre, da liñaxe dos Zuazo y Andeiro.

O marquesado de Almeiras remóntase á época de Carlos III, quen no ano 1779 concédeo ao riquísimo home de negocios, don Antonio Vicente Zuazo-Mondragón y Ron. Este ilustrado, tatarabuelo de Evaristo, alcanza todalas honras: é prior do Real Consulado de Comercio, deputado, rexedor, académico e Cabaleiro da Orde de Carlos III. Enriquécese grazas á favorable conxuntura económica da segunda metade do século XVIII, xusto cando o cosmopolitismo crecente da Coruña. Implica un cambio nos hábitos sociais vertixinoso, facilitando o paso dunha sociedade austera cara ao lecer e o descanso, cun certo luxo e confort, deixando pegada nos obxectos materiais e na morfoloxía urbana. Por iso, no ano 1715, Zuazo, xa antes de ennoblecerse, manda edificar un monumental palacete tardobarroco, na confluencia da rúa San Andrés con Torreiro, unha morada urbana acorde ao seu status, para alternar co seu Pazo de Ombre, en Culleredo. Aínda que pronto pase a denominarse Palacio do marqués de Almeiras, non leva escudo heráldico sobre a súa fachada. Nin antes nin despois, posto que no 1798 cambia o seu uso para nunca volver ser aquela opulenta mansión. Primeiro ao comercial, coa fábrica de chapeus finos de Juan Francisco Barrié, despois ao oficinesco, xa que entre o anos 1850 e 1855 é a sede da Deputación. Non en balde, o século está trufado de recorrentes relacións entre as elites e as institucións. A pesar de todo, termina sendo demolido, no ano 1959. (ver Acta 27.05-1850, BOP 06.09.1852, Doc. Mes Palacio )

No ano 1924, Evaristo Martelo y Paumán do Nero, Núñez y Zuazo-Mondragón, acada ao fin os disputados títulos de VI marqués de Almeiras e vizconde de Andeiro. É escritor, rexionalista, un dos protagonistas do "Rexurdimento", amigo de Rosalía e Murguía, de Vicetto e Pondal. Membro da "Cova Céltica", da Sociedade Económica de Amigos del País, presidente do Consello Provincial e da Real Academia Galega. En política, ao contrario que o seu pai, é tradicionalista. Evaristo ten que ser carlista, di Barreiro Fernández, porque é un idealista que habita nun mundo de castelos e batallas e un historicista, apegado á súa liñaxe. Un "deber de sangre" polo que ha de pagar uns dereitos de sucesión "escandalosamente caros". Un aristócrata, ao fin e sobre todo, que desde o seu Pazo de Rianxo, inflúe na nova intelectualidade local, con Castelao á cabeza, no seu compromiso coa lingua galega. Suárez de Llano destaca o seu argumento: "xa o falaba un antecesor meu", Payo Gómez Chariño de Sotomayor. Proseguindo coa política familiar de casamentos vantaxosos, contrae matrimonio con Josefa da Maza e Agar Quiroga y Roldán, neta de Pedro de Agar e cuñada de Pedro Barrié. (ver Correspondencia con Cuba 08.06.1920, Correspondencia con avogados 16.02.1920, 14.01.1921, Rehabilitación título 1924).

A pesar de todo, na década dos setenta varias edificacións históricas da familia Martelo están abandonadas, en estado ruinoso e póñense á venda, xusto cando a Deputación da Coruña asume competencias en conservación de monumentos. Adquire no ano 1973 o Castelo de Vimianzo. Durante a presidencia de Madero buscan un edificio singular para situar a biblioteca. A Casa Martelo faise esperar ata o ano 1976, Jesús Ángel Sánchez apunta que o Concello se adianta en comprala no 1975 a María de los Ángeles Martelo.

Inicialmente contamos con dous ambiciosos proxectos de reforma frustrados, asinados polo arquitecto provincial Jacobo Rodríguez-Losada Trulock, cun orzamento de case corenta millóns de pesetas. Reconstrúen totalmente o interior, mantendo tan só a escaleira. Albergaría a biblioteca, unha sala de exposicións, un conservatorio e talleres de pintura. Finalmente abortaron, sen orzamento, co cal se salva a organización xeral do palacete, incluído o seu belo patio interior. Tamén pensaron destinalo a sede do arquivo e escola de bibliotecarias . (ver Planos 1977, 1979, 1987).

O atraso na reconstrución empeora o estado de conservación. Tras anos de dilacións, baixo a presidencia de Romay, decídense pola Escola de Danza, inaugurada no ano 1989. Dispoñemos dun primeiro proxecto do arquitecto provincial Cebrián del Moral do ano 1987 e outros dous proxectos reformados, dos anos 1988 e 1989, alcanzando un orzamento de 118 millóns, financiados polo Ministerio de Administracións Públicas. Con respecto á rehabilitación dos anos 70, difiren os criterios, xa sen o drástico baleirado que tan só conservaba a fachada e a escalinata principal. Aproveita, a distribución interior: paredes mestras, balconadas e galería do patio traseiro ou restos de cociña, sen perder a esencia do espectacular caserío tardobarroco. (ver Actas 18.03.1978, 30.06.1979, 27.03.1987, 23.12.1988, BOPs 13.10.1976, 22.05.1987, 23.05.1987).

Bibliografía empregada

Textos e dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Asistente de edición e maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Documentos: FP-1, FP-2, H-70, 5886, 8362. Actas 27/05/1850, 01/03/1871, 15/11/1877, 08/08/1878, 18/03/1978, 30/06/1979, 27/03/1987, 23/12/1988. BOPs 06/09/1852, 13/10/1976, 22/05/1987, 23/05/1987.

“Cando eles, xa alleos, da terra esquencida,
vendían por cartos, cal xudas a Cristo,
ese sanguenosa, momento de pedra…“

Evaristo Martelo y Paumán del Nero.
*Landras e Bayas*, 1914.

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

# Los Martelo y la Diputación



*Nueva sede de la Escuela de Danza.* Proyecto de Cebrián del Moral, 1988

## Documento del mes
## Enero 2023

En 1871, Ramón Martelo Núñez de Leis y Romero de Moscoso adquiere la mansión dieciochesca de la calle de La Franja, que desde entonces pasa a denominarse Casa Martelo. Probablemente era de un rico comerciante, puesto que entonces carece de escudo. Forma parte de la amplia política de adquisiciones del que ese año figura como uno de los cincuenta máximos contribuyentes de la provincia de A Coruña. Será una de las residencias familiares hasta las primeras décadas del siglo XX, en competencia con el Pazo de Martelo de Rianxo o el fabuloso Castillo de Vimianzo. La familia Martelo mantiene la propiedad hasta 1975.

Martelo es el prototipo de los hidalgos gallegos del siglo XIX. Pactan con la burguesía su continuismo, con objeto del reparto de tierras e instituciones. Oriundo de Laxe, estudia Derecho para dedicarse a la judicatura, a la política y a las grandes inversiones. Es progresista, puesto que en 1843, con Espartero, alcanza la presidencia de la Diputación de A Coruña y en el Bienio es elegido diputado en las Cortes. En 1871 vuelve a ser presidente. Contrae un ventajoso matrimonio con Dolores Paumán del Nero y Zuazo-Mondragón Fajardo de Andrade y Sotomayor. Se beneficia de la desamortización redimiendo censos del Cabildo de Santiago y acrecentando sus rentas agrarias hidalgas, procedentes de las Casas de Traba o de Fajardo. Asciende en su ennoblecimiento, comprando a sus parientes los Moscoso de Altamira, las Torres de Vimianzo y la Casa del Arco de Laxe. (Ver Presidentes Diputación, Escritura de arrendo 1634, Escritura de venta 1695, Firma acta 1871).

A lo largo de la historia contemporánea de la Casa Martelo podemos comprobar cierta serie de conexiones recurrentes de las élites con las instituciones. Entre 1837 y 1838 es la sede del ayuntamiento de A Coruña. En 1877, alberga en las dos plantas superiores la Escuela Normal de Maestras, subvencionada por la Diputación. En 1913, en el bajo se instala la Junta auxiliar de Señoras, presidida por Josefa de la Maza Martelo. (ver Carta Josefa 1927, Acta 15.11.1877, Acta 08.08.1878).

En 1902, Evaristo, el hijo de Ramón, manda colocar el escudo de armas de la familia sobre la fachada del palacete. Lo corona con la tiara del marquesado. Cuartelado en cruz, en el primer cuartel dispone el yunque y el martillo de los Martelo; en el segundo, tres rocas, sobre olas marinas y ramas de ortigas, de los Fajardo; en el tercero, un oso y una encina, de los Núñez Boaño; y en el cuarto, un león rampante, corazones y una torre, del linaje de los Zuazo y Andeiro.

El marquesado de Almeiras se remonta a la época de Carlos III, quien en 1779 lo concede al riquísimo hombre de negocios, don Antonio Vicente Zuazo-Mondragón y Ron. Este ilustrado, tatarabuelo de Evaristo, alcanza todos los honores: es prior del Real Consulado de Comercio, diputado, regidor, académico y Caballero de la Orden de Carlos III. Se enriquece gracias a la favorable coyuntura económica de la segunda mitad del siglo XVIII, justo cuando el cosmopolitismo creciente de A Coruña. Implica un cambio en los hábitos sociales vertiginoso, facilitando el paso de una sociedad austera hacia el ocio y el descanso, con un cierto lujo y confort, dejando huella en los objetos materiales y en la morfología urbana. Por ello, en 1715, Zuazo, ya antes de ennoblecerse, manda edificar un monumental palacete tardobarroco, en la confluencia de la calle San Andrés con Torreiro, una morada urbana acorde a su estatus, para alternar con su Pazo de Ombre, en Culleredo. Aunque pronto pase a denominarse Palacio del marqués de Almeiras, no lleva escudo heráldico sobre su fachada. Ni antes ni después, puesto que en 1798 cambia su uso para nunca volver a ser aquella opulenta mansión. Primero al comercial, con la fábrica de sombreros finos de Juan Francisco Barrié, después al oficinesco, ya que entre 1850 y 1855 es la sede de la Diputación. No en vano, el siglo está trufado de recurrentes relaciones entre las élites y las instituciones. Pese a todo, termina siendo demolido, en 1959 . (ver Acta 27.05-1850, BOP 06.09.1852, Doc. Mes Palacio )

En 1924, Evaristo Martelo y Paumán del Nero, Núñez y Zuazo-Mondragón, alcanza al fin los disputados títulos de VI marqués de Almeiras y vizconde de Andeiro. Es escritor, regionalista, uno de los protagonistas del "Rexurdimento", amigo de Rosalía y Murguía, de Vicetto y Pondal. Miembro de la "Cova Céltica", de la Sociedad Económica de Amigos del País, presidente del Consejo Provincial y de la Real Academia Gallega. En política, al contrario que su padre, es tradicionalista. Evaristo tiene que ser carlista, dice Barreiro Fernández, porque es un idealista que habita en un mundo de castillos y batallas y un historicista, apegado a su linaje. Un "deber de sangre" por el que ha de pagar unos derechos de sucesión "escandalosamente caros". Un aristócrata, al fin y sobre todo, que desde su Pazo de Rianxo, influye en la joven intelectualidad local, con Castelao a la cabeza, en su compromiso con la lengua gallega. Suárez de Llano destaca su argumento: "xa o falaba un antecesor meu", Payo Gómez Chariño de Sotomayor. Prosiguiendo con la política familiar de casamientos ventajosos, contrae matrimonio con Josefa de la Maza y Agar Quiroga y Roldán, nieta de Pedro de Agar y cuñada de Pedro Barrié. (ver Correspondencia con Cuba 08.06.1920, Correspondencia con abogados 16.02.1920, 14.01.1921, Rehabilitación título 1924).

A pesar de todo, en la década de los setenta varias edificaciones históricas de la familia Martelo están abandonadas, en estado ruinoso y se ponen a la venta, justo cuando la Diputación de A Coruña asume competencias en conservación de monumentos. Adquiere en 1973 el Castillo de Vimianzo. Durante la presidencia de Madero buscan un edificio singular para ubicar la biblioteca. La Casa Martelo se hace esperar hasta 1976, Jesús Ángel Sánchez apunta que el Ayuntamiento se adelanta en comprarla en 1975 a María de los Ángeles Martelo.

Inicialmente contamos con dos ambiciosos proyectos de reforma frustrados, firmados por el arquitecto provincial Jacobo Rodríguez-Losada Trulock, con un presupuesto de casi cuarenta millones de pesetas. Reconstruyen totalmente el interior, manteniendo tan solo la escalera. Albergaría la biblioteca, una sala de exposiciones, un conservatorio y talleres de pintura. Finalmente abortaron, sin presupuesto, con lo cual se salva la organización general del palacete, incluido su bello patio interior. También pensaron destinarlo a sede del archivo y escuela de bibliotecarias. (ver Planos 1977, 1979, 1987).

El retraso en la reconstrucción empeora el estado de conservación. Tras años de dilaciones, bajo presidencia de Romay, se deciden por la Escuela de Danza, inaugurada en 1989. Disponemos de un primer proyecto del arquitecto provincial Cebrián del Moral de 1987 y otros dos proyectos reformados, de 1988 y 1989, alcanzando un presupuesto de 118 millones, financiados por el Ministerio de Administraciones Públicas. Con respecto a la rehabilitación de los años 70, difieren los criterios, ya sin el drástico vaciado que tan sólo conservaba la fachada y la escalinata principal. Aprovecha, la distribución interior: paredes maestras, balconadas y galería del patio trasero o restos de cocina, sin perder la esencia del espectacular caserón tardobarroco.(ver Actas 18.03.1978, 30.06.1979, 27.03.1987, 23.12.1988, BOPs 13.10.1976, 22.05.1987, 23.05.1987).

Bibliografía empleada

Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Asistente de edición y maquetación: Yolanda Carro Sánchez.. Documentos: FP-1, FP-2, H-70, 5886, 8362. Actas 27/05/1850, 01/03/1871, 15/11/1877, 08/08/1878, 18/03/1978, 30/06/1979, 27/03/1987, 23/12/1988. BOPs 06/09/1852, 13/10/1976, 22/05/1987, 23/05/1987.